

**ACTA NÚMERO CORENTA DAS CELEBRADAS POLA
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO EN
SESIÓN ORDINARIA O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS
MIL ONCE : - - - - - - - - - - - - - - - - -**

PRESIDENTA:

Dª. Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS:

D. Salvador Durán Bermúdez
Dª Mª Paz Lago Martínez
D. Ángel Casal Moldes
D. Constantino Sanmartín Quiñones
Dª Almudena Aguín Fernández
D. Manuel López Méndez
D. Martín Otero Otero
D. Mario Caldas Agís
D. David Otero Domínguez
Dª Sandra Fernández Agraso
Dª Gloria González Camiña
D. Albino Caneda González
Dª Mª Dulcinea Aguín Pombo
D. José Ramón López Fernández
D. José Luís Rodríguez Lorenzo

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil once, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dª. CATALINA GONZÁLEZ BEA,** reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que á marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declarárase aberta a sesión.

NO ASISTE:

D. Manuel Lores Puente

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

A) PARTE DISPOSITIVA :

ACTAS ANTERIORES :

460º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS OS DÍAS 29 DE NOVEMBRO E 23 DE DECEMBRO DE 2010.
Pola **Sra. Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación as actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **aprobáronse as referenciadas actas por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**-----

461º) EXPTE. Nº CU003/10 DE “FINANCIERA INMOBILIARIA PROINOVA, S.L.”: PROPOSTA DA ALCALDÍA DE DESESTIMACIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO CONTRA O ACORDO PLENARIO DO 29 DE OUTUBRO DE 2010, DESESTIMANDO A SOLICITUDE DE RESOLUCIÓN DE CONVENIO URBANÍSTICO DO SOLO URBANIZABLE Nº 14. Polo **Sr. Secretario** dáse conta do ditame da Comisión de Estudo, Informe ou Consulta de Urbanismo de 27 de xaneiro sobre esta proposta.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, aludiu a que por terceira vez tratábase un recurso sobre este asunto presentado por sociedades mercantís distintas e lamentou a decisión adoptada no seu día de cambiar diñeiro pola exención da obriga de construír vivendas de protección oficial (VPO), algo que sempre tivo en contra ao **BNG**, estando na actualidade en procesos xudiciais que, no caso de que lle dean a razón aos recorrentes, provocará unha situación límite ao concello.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, anunciou que votaría a favor da proposta de desestimación do recurso porque non quería que os veciños de Sanxenxo devolveran os cartos, se ben considera que o único aval para esta decisión é o do Xerente de Urbanismo, persoa de confianza da Alcaldía, o que é bastante pobre e entende que a decisión de cambiar de sistema de actuación supón un argumento escaso para xustificar a non devolución.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, sinalou que eran cuestións diferentes o que se vota e o que nos leva a votar dunha determinada forma. Dixo que ninguén cree que se deu diñeiro porque se lles ocorreu aos promotores e que a idea inicial era a exención das VPO, ánda que logo se redactase o convenio dunha ou doutra forma. Posteriormente cambiou a lei de xeito que a construcción das VPO foi obligatoria e os promotores quixeron recuperar o diñeiro. No expediente vese como se foi bifurcando a idea inicial e pode chegar a entenderse que o convenio non se fai pola exención da construcción das VPO. Engadiu que, co que gasta o Concello en asesoría xurídica (400.000 € entre funcionarios e avogados), é increíble

que se discuta porque foi ou non a entrega con redaccións confusas. Finalmente anunciou que votaría a favor de rexeitar o recurso posto que non se debía devolver un diñeiro que, por certo, xa está gastado e que este asunto tardaría moito en resolverse.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, comezou agradecendo o voto a favor do **PSOE** e de **VIPS** e precisou que este tema ven a Pleno porque en outubro desestimouse a pretensión de Proinova e agora volve polo recurso que contra o acordo formulou a empresa citada. Explicou que en ningún punto do convenio, asinado libre e voluntariamente polas partes, dise que a cantidade ingresada era a cambio da exención da construción das VPO, vivendas que, no seu momento, non tiñan a obriga de facer pola edificabilidade do terreo. Tamén dixo que a lei era do 2008 e o convenio ratificouse pola empresa un ano despois e que a achega foi polo cambio de sistema de actuación. Finalmente indicou que este caso era precisamente un argumento demostrativo da boa xestión do goberno municipal.

O Sr. Otero Domínguez aludiu a que o **BNG**, no seu día, presentou un recurso contra un convenio onde se indicaba que este se realizaba pola exención. No pasado a empresa Mirador de Sanxenxo presentou recurso na vía contenciosa-administrativa porque entendía que procedía a devolución do ingresado, sen que fose garantía a súa ratificación xa que, no SU 13, non se ratificou e se aprobou igualmente. Engadiu que, aparte de que na empresa promotora inicial figuran persoas implicadas no caso Gurtel, o convenio asinouse por D. José Luís Díez Yáñez, que, na actualidade, forma parte do goberno autonómico como Xefe Territorial da Consellería que precisamente ten competencias en materia de vivenda pública. Ademais ao concello o defende o Sr. Narbón, que é asesor na Consellería onde traballa a persoa anteriormente citada, engadindo que, neste caso, un avogado de oficio foi o que gañou o preito. Por último manifestou que o **BNG** nunca estivo de acordo co convenio, que se absterían e que o resultado da votación non garante o resultado final deste asunto.

A Sra. Aguín Pombo sinalou que o acontecido nos SU 13 e 14 era un exemplo de mala xestión, engadindo que na Xerencia parece haber mais preitos que licencias.

O Sr. Rodríguez Lorenzo dixo que ninguén regala nada e que, en política, o mais próximo a un regalo é a corrupción. Tamén indicou que, evidentemente, a empresa asinou libremente o convenio, tendo en conta que mercaron moitos metros cadrados antes da aprobación do PXOM, porque sabían o que se ía poñer alí. Respecto do Sr. Narbón sinalou que era un avogado pagado polo concello con moitos millóns de pesetas e que si era certo o que se dicía de que o Xerente saíu do despacho do citado letrado era como para marcharse. Finalmente recalcou que non quería que o concello devolvese o diñeiro.

O Sr. Casal Moldes manifestou que había que falar do convenio e non de persoas, aínda que tamén se podían poñer exemplos no **BNG** de pasos da empresa privada á pública. Continuou dicindo que no convenio non se encontra un só parágrafo que especifique que a entrega de diñeiro era pola exención de construción das VPO, lendo o seu punto 4º. Por último salientou que o **Sr. Otero Domínguez** sempre estivo en contra do que fixo o goberno municipal.

A Sra. Alcaldesa aludiu a que, a pesar de que este asunto viu tres veces a pleno e de que viron o expediente, gústalles manipular os datos. Engadiu que non sabía o que se quería decir coa alusión ao Gurtel, pero precisou que non van a atopar un caso semellante. Proseguíu para sinalar que non coñecía o beneficio dos promotores pero o certo é que, finalmente, o banco se quedou cos terreos e os que gañaron o diñeiro foron os veciños aos que se lles compraron as propiedades pola empresa. Lembrou que o convenio primeiro asinouse en decembro de 2006 e, no ano 2008, a Xunta do bipartito aprobou a lei que impuxo a obriga das VPO, cando antes non tiñan porque facelas. En canto a referencia ao Sr. Narbón explicou que se presentou a un concurso convocado polo concello para adxudicar a contratación dunha asesoría xurídica e o gañou, manifestando que é un bo avogado urbanístico que salvou o PXOM, non importándolle que traballe para a Xunta, parecéndolle un diñeiro ben invertido o da súa contratación. Finalmente dixo que o voto a favor era para desestima-lo recurso e a non devolución e o voto en contra para o contrario.

Rematado o debate a Sra. Presidenta someteu a proposta a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Abstencións: 3 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

- **Desestimar o Recurso de Reposición** formulado por “**Financiera Inmobiliaria Proinova S.L.**” fronte ao Acordo do Concello Pleno adoptado en sesión extraordinaria celebrada o 29 de outubro de 2010, mediante o que se desestimou a solicitude de resolver o convenio urbanístico subscrito en data 19 de agosto de 2009 entre a mercantil “Mirador de Sanxenxo S.L.” e o Concello de Sanxenxo, cuxo texto definitivo foi aprobado e ratificado polo Concello Pleno mediante acordo adoptado en sesión celebrada en data 28 de xullo de 2009 e no que tamén foi desestimada a pretensión subsidiaria de devolución da cantidade de 4.797.796 €, entregada a esta Administración Municipal pola entidade promotora do Solo Urbanizable nº 14 (SU – 14) do PXOM de Sanxenxo.

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

462º POSTA EN COÑECIMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 22 DE NOVEMBRO ATA O 29 DE DECEMBRO DE 2010 (DE RES. N°1531/10 Á N° 1679/10). A Sra. Presidenta expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as Resoluciós da Alcaldía ditadas dende o 22 de novembro ao 29 de decembro de 2010, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algúna

aclaración. Non se formula ningunha.

O Pleno da Corporación dáse por enteirado.

Seguidamente e, antes de pasar ao punto referido a rogos e preguntas, procedeuse a tratar as seguintes

MOCIÓN :

463º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN CONTRA DA SUBIDA DO RECIBO DA LUZ ACORDADA PARA O PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2011 (R. de entrada nº 492 do 31/01/11): Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. Angel Casal Moldes, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””D. Ángel Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Sanxenxo, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta MOCIÓN, con base nos motivos e consideracións desenvolvidos na seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O inicio do ano 2011 non podía comezar peor para as malfituras económicas dos fogares e das empresas galegas. A nefasta política económica do presidente Zapatero **esmaga aos contribuíntes** con subidas dos bens de primeira necesidade como a luz e o gas, nun 10% e un 4% respectivamente.

Desde que goberna o Partido Socialista, a luz non parou de subir, así **dende o ano 2006 o recibo da luz subiu mais dun 40%**, mentres que cando gobernou o Partido Popular **entre 1996 e 2004 o recibo da luz baixou un 14,2%**, moi por riba da media da UE.

Esta nova subida da luz é unha mostra máis do fracaso da política enerxética socialista. Neste sentido compre destacar que un terzo da subida experimentada a principios deste ano 2011 é consecuencia da aplicación do Real Decreto que prima o carbón nacional, que ten un maior custe e menor capacidade calorífica que o importado, que é o que se utiliza nas centrais galegas de As Pontes e Cerceda.

Os galegos e as galegas non se merecen este novo castigo do Goberno de España que se engade á baixada dos salarios, á conxelación das pensións, á subida de impostos, ao incremento do prezo da gasolina e do gasóleo e a supresión dos incentivos fiscais á compra de vivenda, do cheque bebé e da axuda de 426 euros ós desempregados de longa duración.

O Partido Popular valora esta subida como grave prexuízo á capacidade adquisitiva de fogares, autónomos, empresas e PEMES, por iso consideramos que é necesario un gran pacto en política enerxética que aporte estabilidade a un dos factores de competitividade más importantes para a nosa economía, como é o custe da enerxía.

Polo exposto anteriormente, se somete ao Pleno do Concello de Sanxenxo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1.Manifestar o rexeitamento á subida unilateral acordada polo goberno na Resolución que establece o custo de producción de enerxía eléctrica e as tarifas de último recurso a aplicar no primeiro trimestre de 2011.

2.Insta ao Goberno de España, a alcanzar un gran pacto en política energética, que permita acometer unha reforma integral do sistema eléctrico en España de forma que non sexan os consumidores os que teñan que pagar a factura da apostia polo carbón nacional e que tanto perjudica aos intereses de Galicia

3.Insta ao Goberno de España a conxelar o recibo da luz durante o ano 2011, xa que a electricidade é un ben de primeira necesidade que afecta directamente a toda a poboación, así como a competitividade das nosas empresas e, por tanto, ás súas expectativas de creación de emprego. “”””

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, xustificou a urxencia da moción na recente suba da factura da electricidade e a súa repercusión en familias e autónomos.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola mayoría absoluta dos membros de derecho do Pleno da Corporación, ao obter 13 votos a favor (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto), 2 votos en contra (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo) e 0 abstencións.

O Sr. Casal Moldes sinalou que o incremento do recibo da luz supoña novas dificultades en estes momentos, aparte da influencia que ía a ter noutros gastos como gas, transporte, etc, polo que consideraba necesario adoptar os acordos que aparecen na moción.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, compartindo o rexeitamento ao incremento das tarifas eléctricas, expuxo a súa oposición ao punto 2º do acordo, posto que se refire a un pacto enerxético cando é ben coñecida a postura do **PP** a favor da enerxía nuclear, aínda que no texto da moción non se cite. Continuou dicindo que estaba a favor dos puntos 1º e 3º e que , se se retiraba o punto 2º, apoiarían a moción a pesar de que era necesario lembrar que esta situación procedía de decisións adoptadas polo goberno de Aznar.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, cualificou a moción de demagóxica e precisou que o decreto pretende reducir os custos enerxéticos e reducir o déficit tarifario que ven da época do goberno do **PP**. Engadiu que non afectaba aos contratos inferiores a 3 kw, nin a algúns colectivos necesitados, aparte de impoñer unha cota as empresas eléctricas, razóns polas que votarían en contra da moción.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, indicou que a enerxía eléctrica subiu, ao igual que moitas outras cousas e todos estaban en contra da suba, pero con esta moción non se ía a conseguir nada, entre outros motivos

porque se presentou o día de hoxe e non cando se falaba da suba, tratándose dunha moción política para conseguir adeptos, polo que votará en contra.

A **Sra. Alcadesa** manifestou que non ían a cambiar o texto da moción por considerar que os acordos propostos son necesarios, engadindo que o grupo do goberno ten o mesmo dereito que os outros, como o do **BNG**, a presentar as mocións o mesmo día do pleno, xa que a lei o permite e que o **PP** o que ía a facer, se accedía ao goberno, erarepoñer o que outros baleiraron

O **Sr. Rodríguez Lorenzo** díxolle a anterior interveniente que non o compare con outros grupos xa que **VIPS** sempre presenta as mocións con tempo suficiente.

Neste intre, sendo as 21:30 horas, incorpórarse á sesión a concelleira do Grupo Municipal do BNG, Sra. González Camiña.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a **favor**: 9 (Grupo Municipal do PP)

Votos en **contra**: 3 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Abstencións: 4 (Grupo Municipal do BNG).

En consecuencia, **pola maioría absoluta dos membros de derecho do Pleno da Corporación**, resultou aprobada a moción nos termos antes transcritos.---

464º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN CONTRA DA PRIVATIZACIÓN DAS CAIXAS DE AFORRO (R. de entrada nº 487 DO 31/01/11): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, **D. David Otero Domínguez**, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A tempo que se está a iniciar a andaina da nova caixa de aforros galega, logo de acometer un proceso de integración que conta cun alto grado de consenso dos axentes sociais de Galiza, e que ten por obxectivo primordial seguir dotando a Galiza dun instrumento financeiro solvente ao servizo da economía do país, o Goberno Central vén de formular unha proposta de reforma do sistema financeiro que avanza cara a privatización das caixas de aforro e implica unha mudanza substancial de dito proceso e aboca a “Novacaixagalicia” a transformarse nun banco privado.

A decisión do Goberno Central non ten fundamentos técnicos ou económicos, é exclusivamente política, e ten coma orixe a absoluta subordinación do Goberno do Estado aos intereses do capital financeiro. Constitúe un chanzo máis no proceso de consolidación do capital financeiro, auténtico detonante da actual crise económica polas súas prácticas

especulativas guiadas por un afán de obter enormes lucros por riba da evolución da economía real, e que agora quere saír reforzado incidindo claramente no sistema público de pensións e nas propias caixas de aforro.

O BNG vén advertindo do deseño adoptado polo Goberno Central, consensuado co PP, que fomentaba a desterritorialización, bancarización e privatización das caixas de aforro, plasmndo tanto na creación do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), como na aprobación dunha reforma *express* da normativa ordenadora dos órganos retores das caixas de aforro, que serven de marco xurídico de referencia no cal se sustenta agora a nova reforma deseñada polo Goberno Central.

Perante iso, o BNG promoveu unha reforma da Lei de caixas de aforro de Galiza cuxa finalidade é a de colocar o aforro galego ao servizo do tecido produtivo do país e ademais defendemos desde o primeiro momento a fusión galega como ferramenta clara do reforzo e blindaxe do sistema financeiro galego. Mais agora, ese resultado de contarmos cunha única caixa de aforros galega está en cuestión, certamente por unha repentina actuación unilateral do Goberno Central e do Banco de España, mais tamén polo amparo que lle outorga o marco xurídico deseñado logo dos cambios legais que, consensuados polo PSOE e PP, foron acometidos ao longo dos últimos dous anos.

Galiza non pode ficar impasible perante a tentativa de quedar sen unha caixa de aforro que se encargue de nutrir o financiamento necesario para o tecido produtivo do país, onde as empresas e emprendedores galegos obteñan os recursos precisos para facer viábeis os proxectos que crean valor, riqueza e emprego en Galiza.

A privatización da nosa caixa galega significaría a desaparición dun sistema financeiro galego propio. Sen dúbida, constituiría unha apropiación indebida da caixas de aforros galega aos seus lexítimos propietarios, as institucións e impositores, para permitir a absorción do aforro galego polos poderes financeiros alleos a este país. Alén diso, a privatización das caixas de aforro non vai resolver a crise económica actual, senón que pola contra vaina agudizar ao reforzar máis o poder do capital financeiro privado en detrimento das maiorías sociais que se sumirán nunha fonda crise social.

No BNG estamos convencidos que é o momento de defender os intereses de Galiza, reclamando tamén ao Presidente da Xunta de Galiza que se poña á fronte da contestación do deseño dun novo mapa financeiro que non respecta nin a galegideade, nin a vocación social da nova caixa de aforros galega, e faga valer o consenso acadado na sociedade galega a prol dunha caixa de aforros que cumpra dun xeito efectivo o seu papel social de contribución ao impulso da economía produtiva do país.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar frontalmente as pretensións do Goberno do Estado de privatizar e bancarizar a nosa caixa galega (Novacaixagalicia).

2. Solicitar do Goberno do Estado a retirada do denominado “Plan de reforzamento do sector financeiro” no que atinxe ás caixas de aforro.

3. Reclamar do Goberno da Xunta de Galiza a que defendase as competencias estatutarias de Galiza, actuando decididamente para evitar que o proceso de reestruturación das caixas de aforro galegas leve aparellada a entrada de capital privado nos seus órganos de decisión e a transformación nun banco privado.

4. Expresar o compromiso inequívoco en manter o vixente modelo de caixas de aforro, con vocación social e vinculación territorial, e demandar dos Gobernos central e galego que eviten calquera tentativa para que as caixas de aforros sexan

alleadas en favor da banca privada e do capital financeiro.””””

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia da moción no feito de que facía pouco todos estaban de acordo en ter unha caixa forte e asentada neste territorio e agora cambiábanse as regras do xogo pedindo novos criterios de solvencia.

A continuación a Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola mayoría absoluta dos membros de dereito do Pleno da Corporación, ao obter 14 votos a favor (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto), 0 votos en contra e 2 abstencións (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

O Sr. Otero Domínguez indicou que a todos lles gusta ter unha caixa propia e neste momento isto está en risco de perderse como consecuencia da esixencia de novos criterios de solvencia.

O Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP, expuxo que estaban de acordo co fondo da moción, aínda que discrepaban dalgúns matices.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, sinalou que semellaba que se daba por feito que Novacaixa se privatizaría e bancarizaría, sen saber se cumpría ou non os novos criterios de solvencia, engadindo que tamén se quería un bo sistema financeiro en Galicia e que consideraba precipitado discutir agora esta moción.

O Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto, anunciou que votaría a favor da moción para ser consecuente co que votou anteriormente neste asunto, pero lembrando que tamén era importante que se tivese solvencia para evitar sobresaltos.

O Sr. Otero Domínguez dixo que esta nova situación obedecía a unha pretensión dos grandes poderes económicos mundiais e lembrou que facía uns meses a solvencia existía e agora elevouse o listón, o que pode levar a que as caixas deixen de selo e pasen a ser bancos, ante o que o concello, como corporación pública que é, debe posicionarse na defensa das caixas públicas.

O Sr. Rodríguez Lorenzo salientou que, se se elevou o listón, seguramente foi porque se pretende obter mais garantías, aínda que no fondo da moción está de acordo.

A Sra. Alcadesa lamentou que facía uns meses non se soubese cal era o verdadeiro listón da solvencia financeira.

Ao non producirse máis intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a **moción a votación**, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 14 (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 2 (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Abstencións: 0.

En consecuencia, pola **maioría absoluta dos membros de dereito do Pleno da Corporación**, resultou **aprobada a moción nos termos antes transcritos**.----

465º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO EN CONTRA DOS RECORTES SOCIAIS DO ESTADO E DA XUNTA DE GALICIA (R. de entrada nº 486 DO 31/01/11): Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””D. David Otero Domínguez, portavoz do Grupo Municipal do **Bloque Nacionalista Galego (BNG)** no Concello de SANXENXO fai a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A actual crise económica está a ser o marco idóneo para que tanto o Goberno do Estado como a Xunta de Galiza estean a levar a cabo medidas de claro carácter antisocial, que seguindo os ditados de organismos como a UE, o FMI ou a OCDE, e baixo o pretexto de reducir gastos e fomentar unha política de austeridade, están a supoñer un forte recorte das prestacións e servizos sociais, e polo tanto, un empeoramento das condicións de vida da maioría da poboación.

Neste contexto, o último paso é o anuncio do Goberno do Estado de que presentará a finais de xaneiro unha proposta de reforma do sistema de pensións. Este anuncio ven encadrado nunha campaña con numerosas declaracions tanto do Goberno como de membros e institucións destacadas da dereita económica e dos poderes financeiros que tentan amosar unha imaxe alarmista e catastrofista do sistema público de pensións, aludindo á súa futura insostibilidade, coa clara intención de crear alarma social, que é o mellor recurso para posteriormente xustificar reformas regresivas na Seguridade Social e abrir o campo a fondos de pensións privados e á privatización do propio sistema.

Así, as declaracions que os diferentes membros do goberno do Estado están a facer sobre as medidas que se contemplarán nesta reforma non poden ser más preocupantes. Anúnciasenos o incremento da idade legal de xubilación até os sesenta e sete anos, e anúnciasenos tamén pensións de menor contía, a través da fórmula de incrementar os anos para o cómputo da contía da pensión. Estas dúas medidas, de levarse adiante, suporán un empeoramento das condicións de vida da gran maioría da poboación, ao ter que traballar máis anos e recibir unha pensión menor.

Segundo o propio ministro de Traballo e Inmigración, a reforma incluirá o retraso da idade de xubilación até os sesenta e sete anos, o que suporía a maior idade legal de xubilación dos países do noso entorno. Non é esta a medida más acaída para fomentar o reparto do traballo e loitar contra o altísimo desemprego xuvenil, que se sitúa no 34,6% en Galiza (III trimestre da EPA).

Ademais, o goberno do Estado está a proponer modificacions no cálculo da contía das pensións. Na actualidade a contía da pensión calcúlase en función do base reguladora da persoa cotizante nos seus últimos quince anos antes da xubilación, e o goberno propón ampliar este período até os vinte anos nunha primeira estancia, propoñendo que nunha segunda fase se eleve até os vintecinco anos. O incremento no período de cálculo diminúe a contía da pensión a percibir na maioría dos casos. Diversas persoas especialistas en economía estiman que, por cada incremento dun ano no período de cálculo da pensión, a contía

descende de media nun 1%. Así, de incrementarse en cinco anos este cómputo, a pensión media dun galego ou galega, que está en 730,70 euros mensuais, descendería en 36,5 euros cada mes, e 511 euros anuais. Isto significa que ao ano, Galiza deixará de percibir en concepto de pensións, 227,3 millóns de euros anuais. Estes descensos duplicaríanse nunha segunda fase que prolongaría este período até os vintecinco anos.

O BNG afirma que o actual sistema de pensións é sólido e solvente, e tamén que poden ser necesarias algunas reformas no mesmo, pero as mesmas deben servir para corrixir os aspectos regresivos que contempla o Pacto de Toledo, pacto apoiado polo PP e polo PSOE, e que supuxo o primeiro paso para o retroceso do carácter público do Sistema de Pensións. Polo tanto o BNG opõe frontalmente á reforma tal como a ten anunciado o goberno do Estado.

Non obstante, a reforma das pensións non é o único motivo para preocupármonos. Tanto a Xunta de Galiza como o Goberno do Estado acaban de levar a cabo medidas que provocarán grandes dificultades, especialmente a aquelas persoas que se encontran en situación de desemprego e carecen de calquera cobertura económica.

Os galegos e as galegas por debaixo do límier da pobreza ascenden a máis de 600.000 persoas. Non obstante, o número de persoas perceptoras da renda de integración social de Galiza (RISGA) é menor de 5.000 e os orzamentos elaborados pola Xunta de Galiza para 2011, malia recoñecer que vai haber un incremento de solicitudes do 18%, para 2011, vén conxelar para 2011 as partidas dedicadas a estas persoas, como son as prestacións sociais de carácter periódico destinadas a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, como a renda de integración social de Galiza (RISGA); as Axudas de Emerxencia Social; o Servizo de Asistencia no Fogar e as destinadas ao financiamento dos Plans Concertados e de Servizos Sociais Comunitarios, última esperanza de obter un ingreso para moitos galegos e galegas que carecen de calquera outro apoio. Ademais, o goberno do PP recorta drasticamente os recursos destinados as políticas sociais e, nomeadamente, as transferencias que en materia social realiza a administración galega aos concellos.

Neste contexto a supresión por parte do Goberno do Estado da axuda de 426 euros que viñan recibindo 9.000 galegos e galegas, agrava as consecuencias dos recortes sociais practicados pola Xunta de Galiza, incrementando a pobreza e agravando as desigualdades no noso país, especialmente nun momento no que os traballadores e traballadoras que perderon o seu emprego no punto máis álxido da crise (finais de 2008 e comezos de 2009) están a piques de esgotar a cobertura por desemprego.

Polo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte **ACORDO**

1. Instar ao Goberno do Estado a que retire a actual proposta sobre a reforma das pensións e, nomeadamente, que se defendan os seguintes criterios ante unha futura reforma:

- A idade legal de xubilación debe permanecer nos sesenta e cinco anos.
- O período para o cálculo da contía da pensión manterase os quince anos de cotización, podendo optarse por fórmulas que permitan seleccionar o período da vida laboral con maiores bases de cotización da futura persoa pensionista.

2. Instar ao Goberno do Estado a manter o Programa Temporal de Protección por Desemprego e Inserción (PRODI) co fin de asegurar que ningunha persoa desempregada quede sen cobertura.

3. Instar á Xunta de Galiza a incrementar substancialmente a dotación orzamental para a inclusión social e, en concreto, incrementar a contía da RISGA e das Axudas de Emerxencia Social.”””

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia da moción porque se trata dun asunto de gran importancia e que

estase a debater na actualidade.

A continuación a **Sra. Presidenta** someteu a votación a **declaración da urxencia da moción, que foi aprobada pola maioria absoluta dos membros de dereito do Pleno da Corporación**, ao obter 14 votos a favor (Grupo Municipal do PP, Grupo Municipal do BNG e Grupo Municipal Mixto), 0 votos en contra e 2 abstencións (Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

O **Sr. Otero Domínguez** indicou que se estaban a producir cambios vertiginosos atacando as políticas sociais e revisando o sistema público de pensións para contentar aos mercados, cando a realidade é que o superávit da Seguridade Social foi de 60.000 millóns de euros, co que non se xustifican estas medidas e mais no contexto actual.

O **Sr. Casal Moldes, voceiro do Grupo Municipal do PP**, logo de manifestar que a Xunta de Galicia xa incrementou o RISGA en 25 millóns de euros e as Axudas de Emerxencia Social en 600.000 €, anunciou que o PP votaría a favor da moción se se retiraba o punto 1 b) do acordo proposto.

A **Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que ninguén quería traballar ata os 67 anos, pero contamos cunha poboación envellecida e as pensións non están garantidas a partir dos vindeiros 20 anos. Explicou que en Alemaña a xubilación é aos 67 anos e en Suecia estúdase elevala aos 70 anos. En todo caso o buscado por estas medidas é garantir un sistema público de protección social.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, sinalou que a el tamén lle parecía que o punto 1 b) non tiña moita cabida pois implicaba que se podería escolher o mellor período cotizado para o cálculo da pensión. Engadiu que esta moción non ía a cambiar nada e lembrou que esta reforma se pactou cos sindicatos. Por último afirmou que este tema era importantísimo para os que teñen agora sobre 35 anos, tendo en conta, ademais, que cada vez se empeza a cotizar mais tarde e que é mellor xubilarse con pensión aos 67 anos que non ter garantido o cobro de pensión.

O **Sr. Otero Domínguez** recoñeceu que neste asunto estabase a bombardear a xente con moita información que podía dar lugar a confusión e volveu a citar o superávit da Seguridade Social para sinalar que nos vindeiros anos as pensións non corren perigo, sendo a creación de postos de traballo a mellor garantía da existencia das pensións. En canto ao período de cálculo dixo que, dada a precariedade laboral existente, consideraba xusto que se puidese escolher a mellor época, razón pola que non retiraba este punto do acordo.

O **Sr. Casal Moldes** entendeu pouco razonable a postura do **BNG** de pretender que se aprobase íntegra unha moción cando outros grupos políticos pídenlle para apoiala que retire un só punto. Finalmente afirmou a postura do seu grupo de defensa dun sistema público de pensións.

O Sr. Rodríguez Lorenzo indicou que o verdadeiramente inxusto sería que unha persoa traballe 40 anos e non teña dereito a pensión, engadindo que tan só pedíase retirar un 20 % da moción para acadar un maior consenso.

O Sr. Otero Domínguez aludiu a que o apartado que se pretende suprimir é fundamental e cualificou a postura do PP neste tema como electoralista.

A Sra. Alcadesa anunciou que, sen a modificación solicitada do acordo, o PP votaría en contra da moción lamentándoo moito, posto que, desde un punto de vista dos concellos, existe sensibilidade aos recortes en temas como os de emerxencia social. Considerou o punto que se pedía eliminar como inconsistente, xa que todos eran conscientes de que sería imposible manter os 15 anos de cotización.

O Sr. Otero Domínguez precisou que o acordo refírese ao período de cálculo, non a solo sexa necesario cotizar 15 anos.

Ao non producirse máis intervencións a Sra. Presidenta someteu a moción a votación, acadándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 4 (Grupo Municipal do BNG).

Votos en contra: 11 (Grupo Municipal do PP e Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo).

Abstencións: 1 (Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia non resultou aprobada a moción transcrita.-----

466º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE AS DEFICIENCIAS NOS PAVILLÓNS DE VILALONGA E BALTAR: Polo voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. David Otero Domínguez, dáse lectura a moción que literalmente di:

“””David Otero domínguez, voceiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego de Sanxenxo, EXPON:

A práctica do deporte é fundamental na educación e formación dos nosos nenos e nenas para fomentar un estilo de vida saudable, para convertelo nun hábito para o longo de toda a súa vida.

Dende as administracións débese impulsar a práctica e a diversidade das distintas disciplinas deportivas, para iso é preciso dispoñer de unhas instalacións á práctica de todas e cada unha destas disciplinas.

Para o actual goberno municipal do Partido Popular, a prioridade na práctica do deporte é o fomento do fútbol, onde se teñen investido importantes cantidades económicas e pola contra as instalacións municipais destinadas a outros deportes están nunha situación de evidente deterioro, sen inversións tanto no seu mantemento como na dotación de equipamentos, facendo moi difícil a práctica destes deportes, producíndose así unha evidente discriminación.

Son numerosas as queixas que os veciños fan chegar ao BNG sobre o estado no que se atopa o pavillón de Vilalonga, no que existen unhas graves deficiencias na cuberta

que fan que teña unhas importantes filtracións de auga facéndoo impracticable para o seu uso os días de choiva.

Así mesmo, clubs das distintas disciplinas que adestran no pavillón de Baltar, nos denuncian as múltiples deficiencias tanto no acondicionamento e alumeados das distintas salas, sexa ximnasio, taekwondo.etc, como na falta de equipamento deportivo necesario, sendo nalgúns casos inexistentes e noutras obsoletos e sen homologación, como exemplo cabe destacar a necesidade da adquisición de unha novas canastras para a práctica do baloncesto que dispoña de proteccións e medidas de seguridade necesarias e que sirvan para o uso das distintas categorías.

Con todo o exposto anteriormente, o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, pide ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes

ACORDOS:

1. Instar ao goberno municipal do partido Popular a avaliar os custes de todas estas deficiencias en ambos pavillóns.

2. Dotar de partida orzamentaria para a realización de todas estas melloras nos dous pavillóns.

3. Dotar de inmediato de novas canastras homologadas e adaptables no pavillón de Baltar."""

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do BNG, xustificou a urxencia da moción polo feito de que vén de moi atrás un estado dos pavillóns que non se corresponde co que debería ser para que poidan utilizarse adecuadamente

A continuación a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade dos membros presentes do Pleno da Corporación.**

